

**DECRETO NÚMERO 980/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.**

**Ilmo.Sr.don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.  
Lugo, catorce de setembro de dous mil dez.**

Ante a próxima celebración do primeiro dos exercizos dos procesos selectivos convocados polos Decretos nºs. 675/2009 e 676/2009, de data do 6-8-2009, para o acceso en propiedade a tres prazas de auxiliar de administración xeral, en quenda de consolidación de emprego temporal, e a quince prazas de auxiliar de administración xeral, en quenda libre, respectivamente, os cales foron publicados no Boletín Oficial da Provincia nº 195, do 26-8-2009.

En virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente,  
**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Dispoñer a instalación de equipos inhibidores de frecuencia no lugar de celebración do primeiro dos exercizos dos procesos selectivos indicados, para o acceso en propiedade a tres e a quince prazas de auxiliar de administración xeral, en quenda de consolidación de emprego temporal e, en quenda libre, respectivamente, coa finalidade de evitar a comunicación de datos do exterior ós/ás aspirantes que se atopen a realizar o mesmo.

**Segundo.-** Dispoñer así mesmo que os/as aspirantes unicamente poderán acceder ó lugar de celebración do exercizo, co documento nacional de identidade ou pasaporte e con bolígrafo/os azuis, sen que poidan portar teléfonos móbiles, bolsos, PDAS, ou calquera tipo de aparato receptor de comunicacións (auriculares, microauriculares, etc.) nin aparatos de almacenamento de datos.

Cúmprase.